

Pär Larson

La lingua delle cantigas. Grammatica del galego-portoghese.

Roma: Carocci editore, 2018. 139 pp.

Recensión de Xoán López Viñas, Universidade da Coruña

A finais do ano 2018, concretamente o 18 de outubro, saíu do prelo da editora Carocci *La lingua delle cantigas. Grammatica del galego-portoghese*, da autoría do investigador sueco Pär Larson. Como se aprecia no título, o libro está escrito en italiano mais, nunha das presentacións públicas do volume, Henrique Monteagudo afirmou que neste ano 2019 se prevé a tradución para o galego na Editorial Galaxia.

O volume que estamos a recensionar insírese no ronsel dos estudos italianistas á volta dos cancioneros galego-portugueses, mais nesta ocasión Larson eríxese como o iniciador destes traballos baixo o prisma histórico-gramatical, pois en xaneiro de 2019 tamén se deu ao lume o manual de Simone Marcenaro, titulado *La lingua dei trovadores. Profilo storico-linguistico della poesia galego-portoghese e medievale*.

Se ben é certo que *La lingua delle cantigas. Grammatica del galego-portoghese* non conforma unha verdadeira gramática histórica, como recoñece o propio autor (p. 12), constitúe un excelente tratado gramatical en que se describe a *koiné* literaria medieval das cantigas profanas e relixiosas galego-portuguesas. Non obstante, na realidade estamos, por fin, perante a primeira gramática descritiva sistemática da sincronía medieval na súa vertente lírica trobadoresca, de modo que *La lingua delle cantigas* vén paliar unha carencia nos estudos gramaticais galego-portugueses. Malia que isto parecece ter sido superado no século XXI, e fóra das achegas puntuais das gramáticas históricas e dos estudos accesorios ás cantigas, o certo é que non contabamos até agora cun traballo destas características. Seguramente unha das razóns de que non se tivese levado a cabo radica, entre outras, no feito de non termos edicións rigorosas e fiábeis das cantigas. Precisamente, desde o ano 2018 comezou a se publicar a edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa no portal web Universo Cantigas (Fevereiro 2018-), proxecto en que colabora Pär Larson.

Canto ao público albo, como refire o autor, este manual está destinado aos estudantes universitarios de Filoloxía Románica, de literatura medieval galega, portuguesa, española ou de disciplinas afíns, mais tamén presenta un grande interese para todas aquelas persoas que desexen achegarse á nosa historia da lingua.

O volume estrutúrase en tres partes, acompañadas dunha listaxe de abreviacións, dunha introdución e dun encadramento histórico no inicio e dun apéndice na fin. Así, após a relación das “*Abbreviazioni e segni convenzionali*” e tamén das edicións dos manuscritos das cantigas (pp. 9-10), Larson principia o libro cunha breve intro-

dución (“Premessa”, pp. 11-12) en que relata o obxectivo do volume: fornecer ao estudantado e á comunidade investigadora no xeral dunha “concnica grammatica descriptiva con frequenti *excursus* storico-grammaticali, basata su un corpus interamente poetico, costituito dalle composizioni liriche profane trasmesse dai manoscritti A, B, V, N e T e da quelle religiose delle *Cantigas de Santa Maria*” (pp. 12). Desta maneira, Larson vén completar as análises gramaticais das linguas que mencionaba Jofre de Foixà, frade beneditino catalán na corte siciliana sobre 1290, nas súas *Regles de trobar*, nas cales mencionaba o galego como o vehículo principal da poesía amorosa, relixiosa e satírica da Península Ibérica.

Noutra orde de cousas, o filólogo sueco indica que as palabras tomadas do corpus presentan unha regularización gráfica normalizada, con acompañamento da tradución ao italiano da súa autoría; no relativo á transcrición fonético-fonolóxica, emprega os símbolos do AFI, salvo na representación das semivogais.

No “Inquadramento storico” (pp. 13-19), o noso autor reafirma, seguindo a tradición, que a lingua das cantigas se corresponde cunha koiné literaria medieval galego-portuguesa, en que se mostra ese continuum lingüístico –e tamén cultural– de Galiza e Portugal na época trobadoresca, mentres que na lírica mariana os datos apuntan a unha variedade de factura “máis galega”. Efectivamente, como afirma Larson e como cabe esperar, a pesar de que na lingua medieval se fale sempre dunha identidade lingüística entre a lingua falada na Galiza e en Portugal, tiñan que existir necesariamente mínimas diferenzas xeolectais a ambas as marxes do río Miño.

Alén disto, Larson realiza unha breve cala sobre a historia do territorio galego-portugués, achegando datos sobre o nacemento e evolución da Gallaecia romana até a separación de Portugal (con diversos mapas), e tamén sobre o nome do país (“Galiza/Galicia”), dos/das seus/súas habitantes e da lingua (“galego”).

Centrándonos propiamente na cerna do estudo, na “Parte prima. Tra escrito e parlato” (pp. 21-27) trátase o repertorio grafemático, o acento e a oposición entre a grafía “alfonsina” e a “dionisina”. En primeiro lugar, Larson refire o habitual polimorfismo de grafías na koiné, se ben xa é posíbel verificar unha fixación avanzada na representación fónica. Con todo, chama a atención a afirmación sen reservas da existencia da grafía “nh” como representante dun suposto fonema nasal velar /ŋ/, conforme a liña cautamente insinuada por Mariño Paz (2017: 266-267), que tamén se apoia na opinión favorábel de Clarinda de Azevedo Maia.

Por outra banda, menciónase a utilización do acento gráfico tanto en voces diacríticas como nalgúñas palabras que precisan axuda na súa lectura, cales certas formas verbais. Neste último caso, o uso do acento ten unha finalidade didáctica para un lector non coñecedor da lingua galega, polo que o consideramos un grande acerto.

A epígrafe que cerra esta primeira parte é, sen dúbida, dun especial interese, pois

Pär Larson propón as denominacións “grafía alfonsina” e “grafía dionisina” para falar dos dous sistemas grafemáticos existentes na koiné galego-portuguesa, nomenclaturas moi atinadas que, aventuramos, se van asentar no uso. O primeiro modelo ortográfico está presente en A, CSM e N (coa peculiaridade das grafías ll e nn, en canto a ortografía dionisina (coñecida tamén como boloñesa) foi utilizada en B, V e T (cos grafemas lh e nh).

A “Parte seconda. Fonologia” (pp. 29-42) está dividida en vocalismo, consonantismo e fenómenos xerais. No vocalismo tónico descríbese o triángulo vocálico galego-portugués de sete elementos, procedentes dun sistema latino de dez, contraposto a un vocalismo nasal reducido a cinco elementos e proveniente da caída do -n- intervocálico principalmente. Outra característica destacada é a presenza de ditongos decrecentes, como un dos trazos máis característicos do galego-portugués, cuxa formación e orixe é moi variada (caída de consoante intervocálica, vocalización da consoante implosiva dun grupo, metátese de iode ou wau etc.). Neste repertorio destacan os ditongos oi/ui, por conformaren alternancia en moitos contextos idénticos (moito/muito); con todo, segundo Larson, na koiné establécese unha certa preferencia por un ou outro ditongo segundo a súa procedencia: -oi-, se for resultado dun hiato latino, dunha vocalización do grupo -oct- ou dunha metátese; -ui-, se derivar da vocalización do grupo -ült- ou da perda dunha consoante intervocálica.

No vocalismo átono menciónase concisamente a neutralización da oposición na serie media a prol do timbre fechado, ficando un sistema de cinco elementos (/a e i o u/), para alén de se especificaren certos fenómenos de alteración vocálica en posición átona final. É o caso da apócope do -e final tras -n, -s, -l, -r e -z ou da existencia de vogal final -u, proveniente da crase dun ū tónico cun -ũ final tras a caída dun d, l ou n (no resto de casos o resultado para -ũ final na koiné é a terminación en -o).

Como derradeira subepígrafe do vocalismo, refírense outros casos de hiato vocálicos latinos que posteriormente son convertidos en semivogal, aspecto que talvez tivese unha mellor correspondencia no apartado anterior de ditongos decrecentes.

Na epígrafe do consonantismo detállanse os fonemas consonánticos da koiné galego-portuguesa agrupados, nomeadamente, en oclusivos e labiovelares, africados, fricativos, nasais, laterais e vibrantes. Dos fonemas oclusivos dáse mostra da súa pertinencia fonémica opositiva, mediante a cal se diferencian significados, e tamén se inclúen as secuencias bifonemáticas de oclusiva+labiovelar, /kw/ /gw/.

Os fonemas oclusivos en posición intervocálica sufriron, na súa evolución patrimonial máis extensa, o fenómeno da lenición, en canto as sonoras padeceron unha “spirantizzazione” (ou fricativización) que derivou na desaparición total destas e as consoantes xeminadas simplificaron. Neste sentido, cómpre reparar en que para Larson, seguindo a tradición romanística clásica, as consoantes laterais e nasais –que

tamén caeron— non forman parte do proceso lenitivo —como si contemplan Ferreiro (1999) e Mariño (2017) — e reserva estas consoantes para outro apartado diferenciado.

Canto ás sibilantes, Larson contempla un sistema formado por nove elementos, opostos polo trazo xordo/sonoro: dúas africadas dentais (/ts/ : /dz/), dúas alveopalatais (/tʃ/ : /dʒ/), dúas fricativas labiodentais (/f/ : /v/), dúas fricativas sibilantes dentais (/s/ : /z/) e unha sibilante palatal xorda (/ʃ/); a sonora correspondente (/ʒ/) seguramente derivou da desafricación da alveopalatal sonora.

Alén de exemplificar estes fonemas coas súas correspondencias gráficas, Larson trata as evolucións da secuencia -tj-, que como sabemos en posición intervocálica evolucionou na africada dental xorda ou sonora, enxordecendo en posición final de palabra; neste tema, é interesante que se comenta a posibilidade de contemplar algunha grafía con -z- con valor xordo (p.ex., na P2 do singular dos imperativos: faze), que constituiría un mantemento da grafía orixinaria, posteriormente apocopada (faze > faz; variantes que poden convivir nunha mesma cantiga). Noutros casos, esta secuencia latina, precedida de -s-, sufriu un proceso de palatalización na lingua medieval —atestado na lírica mariana—, que afectou a voces como crischão, bescha, á terminación de P2 de pretérito -sche e ao clítico de CI che/chi.

No referido ás consoantes nasais, laterais e vibrantes, cómpre salientar a simplificación das xeminadas (salvo no caso da vibrante rr que se mantería para reforzar o carácter de vibrante múltipla fronte a r) e a caída das sonoras laterais e nasais como fenómeno característico do noso sistema lingüístico. Nestas últimas consoantes, indícase o desnasalamento das vogais nasais, que derivou na oralización da vogal, na creación —segundo o autor (cfr. supra)— dunha nasal velar /ŋ/ no final de palabra (representada cos alógrafos -n ou -m) ou, por veces, na xeración dunha nasal palatal explosiva (nomeadamente na terminación -inum/-īnam), fenómeno que xa se documenta na poesía trobadoresca.

A este respecto, Larson pon o dedo na chaga sobre a nasalidade e o desnasalamento, cando menciona os casos en que o til de nasalidade reflicte xa unha desnasalización: por exemplo, ño con valor de /'iño/ nas CSM. Esta cuestión non é nada banal, pois fórmulanse aquí dúas cuestións importantes, mais aínda pendentes: necesidade dun estudo máis profundo sobre a (des)nasalización e, para levalo a cabo, mellora das edicións para que reflictan con maior fidelidade a realidade lingüística medieval —que na poesía xa está a ser paliada con Universo Cantigas (Ferreiro 2018-)—. Nesta liña tamén se insire o mantemento do -n- (e do -l-) nalgunhas palabras —basicamente nas de cantigas de amigo—, por se trataren de arcaísmos ou latinismos gráficos.

As secuencias formadas por consoante + l rematan o consonantismo, xunto cos fenómenos da disimilación e da paragoxe. No que di sobre cl, pl e fl, estes grupos

tautosilábicos presentan a evolución patrimonial en /tʃ/, tanto en posición inicial de sílaba como medial, e en /L/, no caso das secuencias -c'l- e -t'l-, para alén de convivir coa conservación do grupo nalgúns cultismos. Pola súa banda, a disimilación está ligado a algunhas evolucións entre nasais, líquidas e vibrantes, en canto os exemplos da paragoxe están referidos aos casos en que esta vogal é fonolóxica, aparición talvez motivada pola contaxe silábica.

A “Terza parte. Morfologia (con note sparse sulla sintassi)” (pp. 43-117) constitúe, obviamente, a sección máis ampla do volume e abrangue as clases de palabras habituais nos estudos morfolóxicos, con certas peculiaridades de categorización. Así, no apartado titulado “Il nome” inclúense varias (sub)categorías gramaticais, como os artigos definido e indefinido, o substantivo, o adxectivo e todos os pronomes (persoais, posesivos, demostrativos, relativos, interrogativos e indefinidos), reservando os “Numerali” para outra epígrafe á parte. Outras seccións diferencian entre “Verbo”, “Avverbi”, “Preposizioni”, “Congiunzioni” e “Interiezioni”.

Respecto ao artigo definido, na lingua poética rexístranse as formas comúns (o/a) ao carón das formas antigas (lo/la), que xorden por asimilación nos contextos esperábeis ou por arcaísmo, e mesmo de alomorfos nasais (nas). Así mesmo, tamén se contempla a existencia da variante diverxente do artigo, el, que nomeadamente aparece acompañando rei ou conde; con todo, nas CSM documéntase a forma O Rei para se referir a Cristo.

É interesante que Larson foxe da concepción gramatical tradicional e proporciona exemplos da pronominalización do artigo determinado en que este exerce a función de núcleo e non unicamente a de determinante (o que non faz...). Pola súa parte, do artigo indefinido coméntase a súa confluencia co numeral un e rexístranse as formas medievais presentes nas cantigas, tanto nasalizadas (ũu, ãa) como xa desnasalizadas (un, unha), nas cales aínda non se mostran as contraccións ou aglutinacións.

No substantivo, trátase a perda dos casos latinos e o paso das cinco declinacións a tres, xunto co xénero contextual dos substantivos terminados en -or, os cales manifestan sincretismo formal entre masculino e feminino, como é o caso de senhor.

No que respecta aos pronomes persoais, expónse o paradigma das formas tónicas, con función de suxeito ou complemento, entre as que destaca tu, el (e en menor medida ele), elo, os derivados de mecum (tanto con reforzo inicial co- como sen el) ou as contraccións sistemáticas del/dela. Polo seu lado, no paradigma das formas átonas ponse en valor a variación -e/-i de moitos clíticos, a existencia do alomorfo lo, a presenza da forma che para CI nas cantigas marianas fronte a te nas profanas e tamén as formas palatalizadas xe/xi (ao lado de se/si).

Outras das peculiaridades dos pronomes átonos están referidas, por unha banda, aos encontros xa consumados dos clíticos de dativo cos de acusativo e, por outra, á

súa colocación enclítica e proclítica, xunto coa interpolación pronominal. Destes tres aspectos, chama a atención o relativo á colocación, pois menciónase a posición enclítica como a non marcada e inexistente na posición inicial nas cantigas (e hoxe en día) como consecuencia, segundo Larson, da lei Tobler-Musafia, fenómeno curioso que explica de modo dilucidador e didáctico.

Nos posesivos sinálase a existencia dun paradigma tónico e doutro átono, nos cales destacan varias formas que configuran a lingua trobadoresca. Así, ao carón da forma antiga *mia* tamén vemos as evolucións posteriores desta (con nasalización progresiva, *mña*, e con posterior desnasalización, *minha*); o paradigma das formas masculinas maioritarias de un posuidor asenta no uso das formas analóxicas en *-eu* (*teu*, *seu*), aínda que Larson tamén nos indica que se pode documentar anecdoticamente a forma etimolóxica para a P3 *sou*, mais nunca *tou* (variante existente na prosa); e finalmente, destácanse as formas átonas contractas *ma/ta/sa*. Alén disto, Larson xa refire a articulación do posesivo co artigo nalgunhas cantigas, se ben é certo que nesta sincronía pretérita este fenómeno será consolidado a finais do período.

No eido dos demostrativos, menciónanse varias cuestións: a estrutura tripartita dos graos de aproximación, a súa función como “adxectivos” ou “pronomes”, a existencia das formas invariábeis, a contracción co indefinido *outro* e a inclusión de *mesmo*, tal e *ende/én* nesta categoría gramatical. E no caso dos relativos, interrogativos, indefinidos e numerais, lístanse os paradigmas de formas (coas súas funcións) existentes no repertorio das cantigas.

Relativamente ao verbo, este é sen dúbida a clase de palabras abordada cunha maior amplitude pola súa importancia. Así, ofrécense os paradigmas dos diferentes tempos verbais existentes en galego-portugués; entre estes, inclúense algunhas particularidades como a existencia de verbos defectivos no presente do indicativo (*cumprir*, *prazer* ou *mesmo traer*) e mais a mesóclise pronominal no futuro e no pospretérito de indicativo. Alén disto, tamén se relacionan os paradigmas conxugacionais dos verbos auxiliares *aver*, *têr*, *seer*, e *estar*, xunto cos verbos “fortemente irregulari” *creer*, *dar*, *dizer*, *fazer*, *ir*, *xacer*, *ouvir/oir*, *poder*, *prazer*, *querer*, *saber*, *trager*, *valer*, *veer* e *viir*. Este elenco de formas –só se transcriben as rexistradas nas cantigas– permite debuxar o mapa lingüístico da koiné: maioría de formas con hiatos de vogais homoxéneas, de formas nasalizadas, de formas sincréticas de P1 e P3 de pretérito de indicativo, de formas do verbo *oir* fronte a *ouvir* etc. E finalmente, trátase a conxugación reflexiva, incluíndo os casos deste tipo de verbos dependentes de “non sapere”.

Nos adverbios, son inventariados os de lugar, tempo, modo ou maneira, cantidade, modalidade ou negación, *i* e *i*, interrogativos como *e cando* e as partículas *ar/er* e *per*. Nas preposicións, para alén das propias, indícanse as contraccións *e/ou* e aglutinacións e tamén as locucións prepositivas, mentres que as conxuncións divi-

dense en coordinadas e subordinadas. E a última clase de palabras fai referencia ás interxeccións.

Finaliza o libro cun apéndice con catro textos comentados, en que se realiza unha análise lingüístico-funcional de cada unha das palabras que aparecen nas cantigas escollidas, e cunhas referencias bibliográficas.

En síntese, estamos perante unha verdadeira gramática da lingua dos trovadores, abordada dunha maneira sistemática, didáctica e rigorosa, e que constitúe o primeiro estudo exclusivo da koiné galego-portuguesa. En consecuencia, e con seguranza, este manual será dunha grande utilidade tanto para investigadores/as como estudantes e desexamos que teña o éxito que merece, pois temos que celebrar que a lingüística histórica galego-portuguesa xa ten ese libro que tanto necesitaba.

Referencias

- Ferreiro, Manuel. 1999. *Gramática histórica da lingua galega. I. Fonética e Morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Ferreiro, Manuel (dir.). 2018-. *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. Universidade da Coruña <http://universocantigas.gal> [data da última revisión: 21/02/2019].
- Mariño Paz, Ramón. 2017. *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Xerais.